

## PROPOSICIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DUN PLAN PERIÓDICO DE INSPECCIÓN PARA O CONTROL DO INICIO DE ACTIVIDADES E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS MEDIANTE COMUNICACIÓN PREVIA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acontecido recentemente cun local de hostalería nocturna na nosa cidade, que, a pesar de ter declarado un aforo próximo ás cincocentas persoas, veu funcionando durante máis de un ano sen que se realizara ningunha inspección determinar a adecuación da actividade e o establecemento á comunicación previa presentada e á normativa, pon de manifesto a necesidade de abordar de forma inmediata unha medida que facilite e faga efectivo ese labor de inspección.

A promulgación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, introduciu unha profunda transformación ao substituír o control previo polo posterior para o inicio das actividades mercantís, e conforme a ela as sucesivas reformas provocadas por leis estatais e autonómicas afondaron na eliminación de atrancos a na axilización administrativa, coa posibilidade de axilizar a apertura de establecementos públicos e o inicio de actividade coa presentación dunha serie de documentos, entre eles unha declaración de persoa titular da actividade ou establecemento, no seu caso, subscribida por un técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.

En consonancia con este marco, e desenvolvendo a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a Administración autonómica aprobou o Decreto 144/2016, regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, que trata de xeito detallado o control a posteriori das actividades comunicadas. Nesta norma determínase a obriga dos plans de inspección municipais e, mesmo ante a falta dun plan de inspección, régúlase de xeito subsidiario cales deben ser as prioridades de actuación. Así, resulta de obrigado cumprimento que a inspección actúe de forma prioritaria ante denuncia de particulares, actividades e establecementos que fosen obxecto de procedementos sancionadores e ante situacións de risco grave para o medio natural, a seguridade, a salubridade e, con carácter xeral, para os bens e as persoas.

Tal e como sinala a normativa, pois, a Administración local é a responsable da vixilancia do cumprimento dos requisitos establecidos, e con ese fin deberá realizar unha inspección posterior para verificar no propio local a adecuación das instalacións ao recollido na documentación que lle foi entregada e á correspondente normativa.


Desde o Grupo Popular entendemos que esa fase de control posterior resulta fundamental e –tal e como é preceptivo- debería ser obxecto dunha planificación periódica concreta, establecendo obxectivos e priorizando actuacións, motivo polo que se presenta esta iniciativa que trata, en definitiva, de mellorar o exercicio da potestade inspectora do Concello coa elaboración dun plan de inspección periódico a posteriori das actividades comunicadas, tal e como prevé a Lei autonómica 9/2013, do 19 de decembro, o Decreto 144/2016 e a propia a disposición adicional cuarta da nosa ordenanza municipal no que se refire ao “*exercicio do control posterior nas obras e actividades comunicadas por parte do servizo do Concello de Santiago de Compostela encargado da inspección*”.

De acordo co anterior, propónse a adopción polo Pleno Municipal do seguinte

#### ACORDO

***O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a iniciar de urxencia a elaboración dun plan periódico de inspeccións para o control do inicio de actividades e apertura de establecementos mediante comunicación previa, fixando prioridades, entre elas o aforo declarado, en orde a garantir principalmente a seguridade para as persoas e cumprir o principio de igualdade, previndo situacións de competencia desleal.***

Santiago de Compostela, a 24 de marzo de 2017



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular